



RESUMO CLIMÁTICO DO ANO 2010

O ano 2010 quedou marcado en xeral por unha alta variabilidade meteorolóxica determinada principalmente por unha circulación en altura moi meridiana, que achegou influencias directas de latitudes moi ó norte ou ben moi ó sur de Galicia.

Un exemplo deste comportamento foron os primeiros días do ano, cando tivemos entre o día 7 e o día 11 unha invasión de aire ártico marítimo que ocasionou a presenza de neve practicamente ó nivel do mar e unhas temperaturas moi baixas neste período. Pero sen solución do continuidade, unha masa de aire cálido procedente do sur desprazou ó aire de orixe ártica. Esta descontinuidade alimentou un fenómeno de ciclóxénese (Floora) que na madrugada do 14 de xaneiro ocasionaba importantes danos en puntos da Comunidade. Outro fenómeno salientable foi o paso da ciclóxénese explosiva Xynthia o 27 de febreiro sobre Galicia.

As situacións cambiantes, con transicións bruscas, mantivéronse ata a chegada dos meses de verán. Así, é moi destacado o episodio de inundacións que se viviu na Mariña Lucense nas xornadas do 9 e 10 de xuño, con acumulados que nalgún punto concreto chegaron a superar os 200 L/m² nas 48 horas do episodio.

Compre tamén destacar os fortes fenómenos treboentos cos que comezou a estación estival. Así, o 25 de xuño chegaron a acumularse ata 23 L/m² en soamente 10 minutos en Lugo capital. Tamén é salientable que na xornada do 8 de xullo se rexistraron máis de 7000 raios no territorio galego.

O período máis estable do ano tivo lugar na segunda quincena de xullo e durante o mes de agosto, cando Galicia disfrutou de 5 semanas consecutivas de tempo anticiclónico, en xeral seco, soleado e con altas temperaturas.

Co comezo do outono rexistrouse novamente a circulación meridiana e no contacto entre masas de aire cálidas e frías se alimentaron diferentes cicloxéneses explosivas. A máis salientable foi Becky, entre o 8 e o 9 de novembro, que ocasionou ondas superiores ós 10 metros de altura.

Nos derradeiros días de novembro e os primeiros de decembro rexistrouse unha nova entrada de aire ártico marítimo que deixou temperaturas moi baixas, con rexistros mínimos históricos nun mes de novembro e nevaradas copiosas en cotas baixas, principalmente na tarde do 29 de novembro e 3 de decembro.



TEMPERATURAS

O ano 2010, tendo en conta as temperaturas medias, pode considerarse un ano entre normal e frío (con algunhas zonas moi frías no interior) na metade norte da Comunidade e entre cálido e moi cálido no sur.

Os tres primeiros meses do ano foron fríos o moi fríos, sendo a continuación o mes de abril un mes moi cálido, e de feito o máis cálido do ano (comparando cos valores normais).

Os meses de verán variaron entre normais e cálidos no interior de A Coruña e Lugo e moi cálidos na costa e sur de Galicia.

O outono comezou con valores cálidos, especialmente as máximas no mes de setembro, e finalizou cun mes de novembro frío o moi frío, destacando os baixos valores das temperaturas máximas.

En canto ás temperaturas mínimas e máximas por provincia, cómpre dicir que na provincia da Coruña oscilaron entre os -6.7 °C en Monfero(xaneiro) e os 37.1 °C en Boqueixón (xullo); en Lugo entre os -10.4 °C en Cervantes (xaneiro) e os 36.9 °C de Bóveda (agosto); en Ourense entre os -11.9 °C de Manzaneda (xaneiro) e os 39 °C de Leiro (xullo) e finalmente en Pontevedra as temperaturas variaron entre os -6.7 °C de Lalín (marzo) e os 38.5 °C de Mondariz (xullo).

Cabe subliñar as temperaturas mínimas acadadas o 29 de novembro. Nas estacións de A Coruña (2.3 °C), Santiago (-2.3 °C), Campus Lugo (-5.2 °C) e Lourizán (-0.9 °C), rexistráronse os valores máis baixos (en novembro) dende a ano 1973, ano tomado como inicio da referencia climática.

PRECIPITACIÓNS

En canto ás precipitacións, o ano pode considerarse húmido nas provincias de Lugo e Ourense, normal no norte de A Coruña e seco o moi seco no resto de A Coruña e Pontevedra.

Destacan os meses de abril e agosto polos reducidos valores acadados, sendo os meses de febreiro e outubro os máis chuviosos.

Considerando os valores mensuais de chuvia, en A Coruña o valor máis alto foi 394 L/m² no concello de Zas (outubro), en Lugo 278 L/m² en Viveiro (novembro), en Ourense 400 l/m² en Manzaneda (outubro) e en Pontevedra 500 L/m² en Fornelos de Montes (outubro).

En canto ós valores diarios máis altos, destacan en A Coruña os 112 L/m² en Santa Comba (13/11/2010), en Lugo os 120 L/m² de Burela (9/6/2010), en Ourense os 159 L/m² de Manzaneda (3/10/2010) e finalmente en Pontevedra os 203 L/m² de Fornelos de Montes (3/10/2010).